



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Aprobación definitiva do plan de saneamento municipal 2024_5ª fase. Aprobación inicial dos proxectos das obras e das relacións de bens e dereitos de necesaria ocupación para proceder á súa execución

ANUNCIO

EXPEDIENTE. 2024/X998/000044

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria do 26 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo que se transcribe na súa parte dispositiva:

«**PRIMEIRO.** Aprobar definitivamente o Plan de saneamento municipal 2024, quinta fase, que inclúe os proxectos, redactados polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, que se detallan a continuación: 1. Proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 108.939,60 euros e 2. Proxecto de saneamento en Fiobre, Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 191.574,63 euros.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 108.939,60 euros, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo I)

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o Proxecto de saneamento en Fiobre, Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 191.574,63 euros, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo II)

CUARTO. Seguir a expropiación individualmente abrindo prazo de información pública durante quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do concello e nun dos diarios de máxima difusión da provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados. Aos únicos efectos da subsanación de erros na descripción material e legal dos bens, calquer persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos.

Anexo I

Proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo

Relación de Bens e dereitos afectados								
n.º finca	Titular	Rfª Catastral	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Destino	Tipo de afección	Superficie total m²	Superficie servidume de acueducto m²
1	Manuel Rama Toja, Herdeiros de	001507700NH59D0001DR	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueducto	1.188	37
2	Susana Domínguez Sánchez, Herdeiros de	15008A002000770000XT	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueducto	1.192	91
3	Enrique Domínguez Caamaño María Mercedes Vidal Rama	15008A002001190001MK	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueducto	1.872	55
4	Luis Manuel Veíga García	15008A002000730000XG	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueducto	1.085	157
5	Benito Mantiñán Miramontes	15008A002000690000XY	Solo non urbanizable común	Rural	Horta	Servidume de acueducto	1.443	204
6	Benito Mantiñán Miramontes	15008A002000530000XR	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueducto	2.703	393
7	Luis Rey Varela, Helga López Barreiro	15008A002003130000MK	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueducto	1.145	34
8	Mª Carmen San Martín Mosquera	15008A002003140000XE	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueducto	1.143	24
			Solo non urbanizable común	Rural				22

Anexo II

Proxecto de saneamento en Fiobre. Concello de Bergondo

Relación de Bens e dereitos afectados								
n.º finca	Titular	Rfª Catastral	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Destino	Tipo de afección	Superficie total m²	Superficie afectada m²
1	María Pura Galán Franco, Herdeiros de	15008A042003030000XY	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Pleno dominio	1.647	35
2	Emilio Romay Beccaria	3076601NH6937N0001EP	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Pleno dominio	18.619	46
						Servidume de acueducto		229

No cumprimento do devandito acordo o citado expediente queda exposto ao público na Secretaría do concello.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados descoñecidos nos procedementos administrativos indicados ou se ignore o lugar de notificación ao que se refire o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Bergondo, 30 de setembro de 2024

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2024/6834